

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 2 DE NOVEMBRO DE DOUS MIL DEZASEIS.

No salón de sesións da Casa do Concello, sendo as dezanove horas e trinta minutos do día dous de novembro de dous mil dezaseis, presidida polo señor alcalde, D. Darío Antonio Piñeiro López, e coa asistencia dos concelleiros e concelleiras D. Pablo Rivera Capón, D^a. Begoña López Magdalena, D. José Manuel García Aldegunde, D. Óscar Rodríguez Somoza, D. Santiago Cubillas Álvarez, D^a Asunción Núñez Valcárcel, D. Daniel Antonio Fernández Fernández, D. José Manuel Neira Castro e D. Iago Bande Cortizo reuniuse o pleno do concello, para realizar a sesión ordinaria. Dá fe do acto a secretaria do Concello D^a Mónica Vázquez Fandiño.

Non asiste o señor concelleiro, D. Carlos Fernández Díaz.

Aberto o acto pola Presidencia procédese a tratar da seguinte

ORDE DO DÍA

1.- Aprobación da acta da sesión anterior de 30/09/2016.

Pola presidencia pregúntase aos señores concelleiros se teñen algunha alegación que facer en relación coa redacción da acta da sesión de referencia. Non producíndose ningún reparo nin alegación a acta é aprobada por unanimidade de concelleiros asistentes

2.-Proposta de modificación da ordenanza fiscal n.º 1 reguladora do imposto sobre bens inmobles.

Deuse lectura á proposición que se transcribe:

“PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA RELATIVA Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DO CONCELLO DE LÁNCARA

Este Concello ten aprobada Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre bens inmobles. A última modificación da ordenanza data de 2010 no relativo ó tipo de gravame dos BICES.

Non obstante, as referencias legais á normativa de aplicación todavía se refiren á Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, lei derogada polo Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais

No ano 2015, o concello de Lánacara foi obxecto dun procedemento de regularización catastral (período 2013-2016) establecido mediante resolución da Dirección General del Catastro publicada no "Boletín Oficial del Estado". Este procedemento supuxo a incorporación ó Catastro Inmobiliario deste Concello dos bens inmobles urbanos e rústicos con construción, así como das alteracións

Concello de Lánacara

das súas características, a través dos distintos procedementos de alta ou modificación catastral.

Os efectos económicos derivados dese proceso entendemos que van empezar a notarse nos padróns do IBI de 2017, e ademáis xa non temos Plan de axuste que impida tocar os tipos de gravame.

Ademáis, o TRLFL prevé unha bonificación obrigatoria non recollida na ordenanza actualmente en vigor, polo que se propón a súa inclusión ademáis do establecemento do tipo de gravame para os bens inmobles de natureza rústica no 0,5%, equiparando ambos tipos de gravame de rústica e de urbana no Concello.

Polo exposto propoño ó Pleno do Concello adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles de conformidade coa redacción que se achega con esta proposición.

Segundo.- Expoñer ó público a Ordenanza de modificación inicialmente aprobada polo prazo de trinta días hábiles a efectos de do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Terceiro.- Que de non formularse reclamacións en tempo hábil, esta aprobación inicial será elevada a definitiva sen máis trámite, ó abeiro de canto se establece polo artigo 17.3 da citada Lei; entrando en vigor logo da súa publicación íntegra no Boletín oficial da provincia”.

Aberto o debate prodúcense as seguintes intervencións:

Do señor alcalde: “Propoñemos a rebaixa de 0,15% no tipo de rústica porque temos que manter o equilibrio presupostario”.

Do voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: “Gustaríanos saber se o solo de núcleo rural e o urbanizable ten o tratamento de urbano e si se pode aplicar unha bonificación ás explotacións sen actividade”.

A secretaria explica que a clasificación urbanística do solo prevista na lei e no planeamento non se identifica co solo urbano e co solo rústico do padrón deste imposto, que é unha clasificación a efectos fiscais e non urbanísticos.

Do señor alcalde: “As bonificacións do imposto son as previstas na lei de facendas locais, non podemos establecer nin regular outras”.

Pide a palabra a concelleira señora Núñez Valcárcel para preguntar se paga igual unha casa que un estable.

A secretaria di que o valor catastral depende do uso tamén, entre outras variables, e que as vivendas teñen uso residencial.

Do señor alcalde: “Ainda non temos datos certos sobre a repercusión da regularización catastral”.

Do voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: “É posible baixar o tipo de urbana ó 0,45%?”.

Do señor alcalde: "O equilibrio presupostario non nos permite minorar os ingresos máis do recadado en anos anteriores. Xa desistimos da actualización de valores catastrais solicitada polo anterior goberno do Concello".

Do concelleiro do BNG integrante do grupo mixto, señor Bande Cortizo: "Nos xa amosamos o noso rexeitamento ó catastrazo polo que non podemos estar máis que de acordo con esta proposta de baixada do tipo de gravame de rústica. Pero quero aproveitar para dicir que o alcalde faltou á palabra dada ó BNG de consensuar a modificación das ordenanzas fiscais, cousa que non sucedeu. Non obstante, por responsabilidade política imos apoiar esta proposta".

Do señor alcalde: "Tedes a documentación dende o xoves. Hoxe tivemos xuntanza de voceiros".

Do concelleiro do BNG integrante do grupo mixto, señor Bande Cortizo: "Eu entendo que o consenso é facer propostas e debatilas. Non ter unha xuntanza catro horas antes do pleno".

Do voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: "A lei contempla unha serie de bonificacións potestativas para familias numerosas, vivendas con enerxía solar...., e a ordenanza non as establece".

Do señor alcalde: "Xa dixen que queremos manter o equilibrio presupostario xa que non sabemos os efectos da regularización catastral aínda".

Concluído o debate, o Pleno do Concello, por unanimidade de concelleiros asistentes (dez votos a favor dos concelleiros dos grupos municipais socialistas, popular e do concelleiro do BNG), en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles de conformidade coa redacción que se achega con esta proposición.

Segundo.- Expoñer ó público a Ordenanza de modificación inicialmente aprobada polo prazo de trinta días hábiles a efectos de do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Terceiro.- Que de non formularse reclamacións en tempo hábil, esta aprobación inicial será elevada a definitiva sen máis trámite, ó abeiro de canto se establece polo artigo 17.3 da citada Lei; entrando en vigor logo da súa publicación íntegra no Boletín oficial da provincia.

3.- Proposta de modificación da ordenanza fiscal n.º 2 sobre o imposto sobre actividades económicas.

Deuse lectura á proposición que se transcribe:

"PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA RELATIVA Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DO CONCELLO DE LÁN CARA

Nos antecedentes obrantes nas oficinas do Concello, consta a aprobación provisional da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas por acordo do Pleno de 23 de novembro de 1991. Non constan acordos posteriores plenarios, nin publicación definitiva do texto de ordenanza provisionalmente aprobado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Non obstante as referencias legais á normativa de aplicación todavía se refiren á Lei 39/1988, de 28 de decembro da Lei reguladora das facendas locais, lei derogada polo Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais

As potestades deste Concello na determinación dos elementos que configuran este imposto refírense ós coeficientes de situación das vía públicas do Concello

En consecuencia, trátase se actualizar a ordenanza á normativa en vigor sen que teña repercusión na cota tributaria que deben aboar os suxeitos pasivos.

Polo exposto propoño ó Pleno do Concello adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas de conformidade coa redacción que se achega con esta proposición.

Segundo.- Expoñer ó público a Ordenanza de modificación inicialmente aprobada polo prazo de trinta días hábiles a efectos de do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Terceiro.- Que de non formularse reclamacións en tempo hábil, esta aprobación inicial será elevada a definitiva sen máis trámite, ó abeiro de canto se establece polo artigo 17.3 da citada Lei; entrando en vigor logo da súa publicación íntegra no Boletín oficial da provincia”.

Ó non promoverse o debate, o Pleno do Concello, por unanimidade de concelleiros asistentes (dez votos a favor dos concelleiros dos grupos municipais socialistas, popular e do concelleiro do BNG), en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas de conformidade coa redacción que se achega con esta proposición.

Segundo.- Expoñer ó público a Ordenanza de modificación inicialmente aprobada polo prazo de trinta días hábiles a efectos de do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Terceiro.- Que de non formularse reclamacións en tempo hábil, esta aprobación inicial será elevada a definitiva sen máis trámite, ó abeiro de canto se establece polo artigo 17.3 da citada Lei; entrando

en vigor logo da súa publicación íntegra no Boletín oficial da provincia.

4.- Proposta de modificación da ordenanza fiscal n.º 3 sobre o imposto de vehículos de tracción mecánica.

Deuse lectura á proposición que se transcribe:

“PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA RELATIVA Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA DO CONCELLO DE LÁNCARA

Nos antecedentes obrantes nas oficinas do Concello, consta a Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica cuxa última modificación data do ano 2001. Non constan acordos posteriores plenarios, nin publicación definitiva do texto de ordenanza provisionalmente aprobado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Non obstante as referencias legais á normativa de aplicación todavía se refiren á Lei 39/1988, de 28 de decembro da Lei reguladora das facendas locais, lei derogada polo Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais

As potestades deste Concello na determinación dos elementos que configuran este imposto refírense ós coeficientes de incremento sobre os tipos de gravame mínimos previstos no texto refundido da lei de facendas locais, que xa foron establecidos polo pleno no ano 2001.

En consecuencia, trátase se actualizar a ordenanza á normativa en vigor sen que teña repercusión na cota tributaria que deben aboar os suxeitos pasivos.

Polo exposto propoño ó Pleno do Concello adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica de conformidade coa redacción que se achega con esta proposición.

Segundo.- Expoñer ó público a Ordenanza de modificación inicialmente aprobada polo prazo de trinta días hábiles a efectos de do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Terceiro.- Que de non formularse reclamacións en tempo hábil, esta aprobación inicial será elevada a definitiva sen máis trámite, ó abeiro de canto se establece polo artigo 17.3 da citada Lei; entrando en vigor logo da súa publicación íntegra no Boletín oficial da provincia”.

Aberto o debate prodúcese as seguintes intervencións:

Do señor alcalde: “Como vedes na proposta é unha mera actualización normativa”.

Do voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: "Poderíamos baixar os tramos dos vehículos de menos cabalos fiscais".

Do señor alcalde: "Xa temos as bonificacións obrigatorias; xa sei que non somos dos concellos coas tarifas máis baratas pero levan moitos anos establecidas nese importe, baixar as tarifas podería comprometer o equilibrio presupostario".

Pide a palabra o concelleiro do grupo popular señor Neira Castro para dicir que pensa que vai afectar máis o catastrazo que o imposto de vehículos.

Do concelleiro do BNG integrante do grupo mixto, señor Bande Cortizo: "O que vemos é que estas tarifas non son nada progresivas. Van do 1,21 ó 1,27".

Do señor alcalde: "Esa é a consecuencia dos redondeos das tarifas".

Concluído o debate, o Pleno do Concello, por unanimidade de concelleiros asistentes (dez votos a favor dos concelleiros dos grupos municipais socialistas, popular e do concelleiro do BNG), en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica de conformidade coa redacción que se achega con esta proposición.

Segundo.- Expoñer ó público a Ordenanza de modificación inicialmente aprobada polo prazo de trinta días hábiles a efectos de do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Terceiro.- Que de non formularse reclamacións en tempo hábil, esta aprobación inicial será elevada a definitiva sen máis trámite, ó abeiro de canto se establece polo artigo 17.3 da citada Lei; entrando en vigor logo da súa publicación íntegra no Boletín oficial da provincia.

5.- Proposta de modificación da ordenanza fiscal nº 5 reguladora da Taxa pola distribución de auga, incluídos os dereitos de entronque de liñas, colocación e utilización de contadores, do Concello de Lán cara.

Deuse lectura á proposición que se transcribe:

"PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA RELATIVA Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL POR DISTRIBUCIÓN DE AUGA, INCLUÍDOS OS DERITOS DE ENTRONQUE DE LÍÑAS, COLOCACIÓN E UTILIZACIÓN DE CONTADORES, DO CONCELLO DE LÁN CARA.

Coma saben os señores concelleiros este Concello ten aprobada a Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de subministración de auga. A ordenanza na súa redacción inicial publicouse no boletín oficial da provincia de 29 de decembro de 1998.

Con posterioridade, estableceronse tarifas para os suministros de auga en parroquias como Vilanova e Oleiros.

A día de hoxe, as tarifas que se están aplicar non están publicadas no BOP de Lugo como é preceptivo logo de actualizalas anualmente ó IPC. En consecuencia faise necesario publicar as tarifas actualmente vixentes logo da súa aprobación polo pleno da Corporación.

O texto que se trae a aprobación é no fundamental o texto de 1998 pero se recollen algunhas normas de mellora na xestión para adaptalas á realidade (cobro trimestral, supostos de avarías, ...). Igualmente, se unifican os mínimos de consumo nas parroquias para igualalas a Lánacara e Puebla atendendo a un principio de igualdade de trato dos usuarios.

Polo exposto propoño ao Pleno do Concello adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de distribución de auga, incluídos os dereitos de entronque de liñas e colocación e utilización de contadores, de conformidade coa redacción que se achega con esta proposición.

Segundo.- Expoñer ó público a Ordenanza de modificación inicialmente aprobada polo prazo de trinta días hábiles a efectos do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Terceiro.- Que de non formularse reclamacións en tempo hábil, esta aprobación inicial será elevada a definitiva sen máis trámite, ó abeiro de canto se establece polo artigo 17.3 da citada Lei; entrando en vigor logo da súa publicación íntegra no Boletín oficial da provincia”.

Aberto o debate prodúcense as seguintes intervencións:

Do señor alcalde: “Facemos a proposta de que todos os veciños teñan o mesmo mínimo. Tamén vimos que dentro dun mesmo lugar había tarifas diferentes, non sabemos por qué.

Intervén o señor Neira Castro para dicir que algúns lugares tiñan tarifas inferiores porque non hai bombeo, a auga subministrase polo seu propio peso.

Continúa o señor alcalde dicindo que non se trata diso, que veciños da mesma parroquia tiñan diferentes tarifas. Este é un servizo deficitario.

Do concelleiro do BNG, señor Bande Cortizo: “Hai algún estudo do consumo medio das casas? Dígoo porque subir o mínimo de consumo pode facer que nalgunhas casas se despilfarre auga. Se o servizo é deficitario, canto máis consumo máis déficit”.

Do señor alcalde: “O mínimo non chega para as casas de aldea”.

Do concelleiro do BNG, señor Bande Cortizo: "Podería facerse un estudo máis pormenorizado, para establecer mínimos diferenciados".

Do voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: "30 m³ de consumo non é moito. Os límites son baixos".

Do señor alcalde: "Nas parroquias non se despilfarra auga".

Concluído o debate, o Pleno do Concello, por unanimidade de concelleiros asistentes (dez votos a favor dos concelleiros dos grupos municipais socialistas, popular e do concelleiro do BNG), en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de distribución de auga, incluídos os dereitos de entronque de liñas e colocación e utilización de contadores, de conformidade coa redacción que se achega con esta proposición.

Segundo.- Expoñer ó público a Ordenanza de modificación inicialmente aprobada polo prazo de trinta días hábiles a efectos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Terceiro.- Que de non formularse reclamacións en tempo hábil, esta aprobación inicial será elevada a definitiva sen máis trámite, ó abeiro de canto se establece polo artigo 17.3 da citada Lei; entrando en vigor logo da súa publicación íntegra no Boletín oficial da provincia.

6.- Proposta de modificación da ordenanza fiscal n.º 6 reguladora da Taxa pola prestación do servizo da rede de sumidoiros.

Deuse lectura á proposición que se transcribe:

"PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA RELATIVA Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA REDE DE SUMIDOIROS DO CONCELLO DE LÁN CARA.

Coma saben os señores concelleiros este Concello ten aprobada a Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo da rede de sumidoiros.

A día de hoxe, as tarifas que se están aplicar non están publicadas no BOP de Lugo como é preceptivo logo de actualizalas anualmente ó IPC. En consecuencia faise necesario publicar as tarifas actualmente vixentes logo da súa aprobación polo pleno da Corporación.

O texto que se trae a supón unha adaptación á normativa recollida no Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, ademáis de establecer unha tarifa pola autorización da acometida.

Polo exposto propoño ao Pleno do Concello adopte o seguinte acordo:

Concello de Lán cara

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo da rede de sumidoiros, de conformidade coa redacción que se achega con esta proposición.

Segundo.- Expoñer ó público a Ordenanza de modificación inicialmente aprobada polo prazo de trinta días hábiles a efectos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Terceiro.- Que de non formularse reclamacións en tempo hábil, esta aprobación inicial será elevada a definitiva sen máis trámite, ó abeiro de canto se establece polo artigo 17.3 da citada Lei; entrando en vigor logo da súa publicación íntegra no Boletín oficial da provincia”.

O señor alcalde indica que a única modificación de tarifas e a de alta no servizo por importe de 50 euros.

Ó non promoverse o debate, o Pleno do Concello, por unanimidade de concelleiros asistentes (dez votos a favor dos concelleiros dos grupos municipais socialistas, popular e do concelleiro do BNG), en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo da rede de sumidoiros, de conformidade coa redacción que se achega con esta proposición.

Segundo.- Expoñer ó público a Ordenanza de modificación inicialmente aprobada polo prazo de trinta días hábiles a efectos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Terceiro.- Que de non formularse reclamacións en tempo hábil, esta aprobación inicial será elevada a definitiva sen máis trámite, ó abeiro de canto se establece polo artigo 17.3 da citada Lei; entrando en vigor logo da súa publicación íntegra no Boletín oficial da provincia.

7.- Proposta de modificación da ordenanza fiscal nº 7 reguladora da Taxas pola prestación do servizo de recollida domiciliaria de lixo.

Deuse lectura á proposición que se transcribe:

“PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA RELATIVA Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DOMICILIARIA DE LIXO DO CONCELLO DE LÁN CARA.

Coma saben os señores concelleiros este Concello ten aprobada a Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo da recollida domiciliaria de lixo.

A día de hoxe, as tarifas que se están aplicar non están publicadas no BOP de Lugo como é preceptivo logo de actualizalas anualmente ó IPC. As últimas tarifas publicadas atopámolas no BOP

de Lugo de 13 de abril de 2012. En consecuencia faise necesario publicar as tarifas actualmente vixentes logo da súa aprobación polo pleno da Corporación, ademáis de dar cobertura legal á tarifa para industrias e establecer unha nova para centros residenciais de máis de cincuenta prazas. Ademáis establécese unha presunción de cando se presta o servizo no artigo 4.

O texto que se trae a supón unha adaptación á normativa recollida no Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, ademáis de establecer unha tarifa pola autorización da acometida.

Polo exposto propoño ao Pleno do Concello adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida domiciliaria de lixo, de conformidade coa redacción que se achega con esta proposición.

Segundo.- Expoñer ó público a Ordenanza de modificación inicialmente aprobada polo prazo de trinta días hábiles a efectos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Terceiro.- Que de non formularse reclamacións en tempo hábil, esta aprobación inicial será elevada a definitiva sen máis trámite, ó abeiro de canto se establece polo artigo 17.3 da citada Lei; entrando en vigor logo da súa publicación íntegra no Boletín oficial da provincia”.

O señor alcalde da conta que o déficit deste servizo ascende a uns trinta mil euros; tratamos de definir ben o feito impoñible e dar cobertura legal a dúas tarifas que non estaban previstas na ordenanza.

Ó non promoverse o debate, o Pleno do Concello, por unanimidade de concelleiros asistentes (dez votos a favor dos concelleiros dos grupos municipais socialistas, popular e do concelleiro do BNG), en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida domiciliaria de lixo, de conformidade coa redacción que se achega con esta proposición.

Segundo.- Expoñer ó público a Ordenanza de modificación inicialmente aprobada polo prazo de trinta días hábiles a efectos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Terceiro.- Que de non formularse reclamacións en tempo hábil, esta aprobación inicial será elevada a definitiva sen máis trámite, ó abeiro de canto se establece polo artigo 17.3 da citada Lei; entrando

en vigor logo da súa publicación íntegra no Boletín oficial da provincia.

8.- Proposta de modificación da ordenanza fiscal n.º 8 reguladora da Taxa pola expedición de documentos administrativos.

Deuse lectura á proposición que se transcribe:

“PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA RELATIVA Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS DO CONCELLO DE LÁN CARA.

Coma saben os señores concelleiros este Concello ten aprobada a Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos do concello de Lán cara.

Constan aprobacións da presente Ordenanza fiscal en sesións de pleno realizadas o 29 de novembro de 2007, modificada por acordo do pleno de 20 de decembro de 2011.

A día de hoxe, as tarifas que se están aplicar non están publicadas no BOP de Lugo.

Ademáis, suprímense algunhas da tarifas: certificados do padrón de habitantes vixente (residencia ou convivencia), por cada páxina fotocopiada de documentos ou expedientes, por compulsas de documentos, por expedición de copias atestados pola Policía Local (por razón obvias), e por cada certificación e informe expedido polo servizo de urbanismo e non contemplado nos puntos anteriores que queda incluído na tarifa 18. Para o resto das tarifas prevese unha redución case xeneralizada do 50% e se inclúe unha bonificación para matrimonios civís dos veciños de Lán cara.

O texto que se trae supón unha adaptación á normativa recollida no Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Polo exposto propoño ao Pleno do Concello adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos, de conformidade coa redacción que se achega con esta proposición.

Segundo.- Expoñer ó público a Ordenanza de modificación inicialmente aprobada polo prazo de trinta días hábiles a efectos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Terceiro.- Que de non formularse reclamacións en tempo hábil, esta aprobación inicial será elevada a definitiva sen máis trámite, ó abeiro de canto se establece polo artigo 17.3 da citada Lei; entrando en vigor logo da súa publicación íntegra no Boletín oficial da provincia”.

O señor alcalde resume que se rebaixa nun 50 % a maioría das tarifas e que permitiremos o pago destas pequenas cantidades no Concello.

Ó non promoverse o debate, o Pleno do Concello, por unanimidade de concelleiros asistentes (dez votos a favor dos concelleiros dos grupos municipais socialistas, popular e do concelleiro do BNG), en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos, de conformidade coa redacción que se achega con esta proposición.

Segundo.- Expoñer ó público a Ordenanza de modificación inicialmente aprobada polo prazo de trinta días hábiles a efectos do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Terceiro.- Que de non formularse reclamacións en tempo hábil, esta aprobación inicial será elevada a definitiva sen máis trámite, ó abeiro de canto se establece polo artigo 17.3 da citada Lei; entrando en vigor logo da súa publicación íntegra no Boletín oficial da provincia.

9.- Proposta de modificación da ordenanza fiscal n.º 9 reguladora da Taxa pola prestación de servizos nas instalacións deportivas municipais e carteis publicitarios.

Deuse lectura á proposición que se transcribe:

“PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA RELATIVA Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS E CARTEIS PUBLICITARIOS DO CONCELLO DE LÁNCARA.

Coma saben os señores concelleiros este Concello ten aprobada a Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos nas instalacións deportivas municipais e carteis publicitarios do concello de Lánacara. A ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización das instalacións deportivas municipais e carteis publicitarios vixente foi aprobada inicialmente polo pleno o día 15 de maio de 2012 e foi modificada por acordo do pleno en sesión realizada 20/12/2013.

Inclúese no feito impositivo a utilización da pista de pádel e a colocación de carteis publicitarios, ademais de fixar un prezo por uso do pabillón para os veciños do Concello.

O texto que se trae supón unha adaptación á normativa recollida no Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Polo exposto propoño ao Pleno do Concello adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos nas instalacións

Concello de Lánacara

deportivas municipais e carteis publicitarios, de conformidade coa redacción que se achega con esta proposición.

Segundo.- Expoñer ó público a Ordenanza de modificación inicialmente aprobada polo prazo de trinta días hábiles a efectos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Terceiro.- Que de non formularse reclamacións en tempo hábil, esta aprobación inicial será elevada a definitiva sen máis trámite, ó abeiro de canto se establece polo artigo 17.3 da citada Lei; entrando en vigor logo da súa publicación íntegra no Boletín oficial da provincia”.

Aberto o debate prodúcense as seguintes intervencións:

Do concelleiro do BNG, señor Bande Cortizo: “A baixada da tarifa do pabillón parécenos ben, pero polo uso da pista de pádel sube, antes eran 8 euros por hora e media e agora 6 euros por unha hora”.

A secretaria interventora aclara que é un erro é 6 euros por hora e media.

Continúa o señor Bande Cortizo para lembrar ós autores da frase “Sáecheme mi caro facer deporte en Lán cara? O lecer será de balde”, estaba no programa electoral do PSOE. Tamén pode baixarse a colocación de carteis a 25 euros metro cadrado”.

Do señor alcalde: “Procuramos investir en instalacións deste tipo. A tarifa dos carteis xa estaba en 50 euros”.

Concluído o debate, o Pleno do Concello, por unanimidade de concelleiros asistentes (dez votos a favor dos concelleiros dos grupos municipais socialistas, popular e do concelleiro do BNG), en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos nas instalacións deportivas municipais e carteis publicitarios, de conformidade coa redacción que se achega con esta proposición.

Segundo.- Expoñer ó público a Ordenanza de modificación inicialmente aprobada polo prazo de trinta días hábiles a efectos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Terceiro.- Que de non formularse reclamacións en tempo hábil, esta aprobación inicial será elevada a definitiva sen máis trámite, ó abeiro de canto se establece polo artigo 17.3 da citada Lei; entrando en vigor logo da súa publicación íntegra no Boletín oficial da provincia.

10.- Proposta de modificación da ordenanza fiscal n.º 11 reguladora da Taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras e outros elementos análogos con finalidade lucrativa.

Deuse lectura á proposición que se transcribe:

“PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA RELATIVA Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL CON MESAS, CADEIRAS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS CON FINALIDADE LUCRATIVA.

A día de hoxe o Concello non ten establecida unha ordenanza específica por ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras e outros elementos análogos con finalidade lucrativa.

As tarifas aplicadas ata a actualidade eran as contempladas na ordenanza fiscal aprobada por acordo de pleno en sesión realizada o día 12 de setembro de 1989 reguladora do prezo público por postos, barracas, casetas situadas en terreos de uso público e industrias rueiras.

Considerando necesario establecer unha regulación específica nesta materia, cunhas tarifas axeitadas en función do prezo metro cadrado de ocupación, sen incrementar a carga fiscal dos hosteleiros, traese a aprobación este borrador de ordenanza.

Polo exposto propoño ao Pleno do Concello adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras e outros elementos análogos con finalidade lucrativa, de conformidade coa redacción que se achega con esta proposición.

Segundo.- Expoñer ó público a Ordenanza de modificación inicialmente aprobada polo prazo de trinta días hábiles a efectos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Terceiro.- Que de non formularse reclamacións en tempo hábil, esta aprobación inicial será elevada a definitiva sen máis trámite, ó abeiro de canto se establece polo artigo 17.3 da citada Lei; entrando en vigor logo da súa publicación íntegra no Boletín oficial da provincia”.

Aberto o debate prodúcense as seguintes intervencións:

Do señor alcalde: “Como puideron ler, propoñemos que haxa dúas tarifas, unha de verán, e outra para o resto do ano. Tamén establecemos que non se poida ocupar máis do límite da propia fachada, ágas acordo do colindante”.

O concelleiro do grupo municipal popular, señor Fernández Fernández pregunta que espazo debe quedar para o paso.

O señor alcalde di que o que establece a normativa en materia de accesibilidade.

Concluído o debate, o Pleno do Concello, por unanimidade de concelleiros asistentes (dez votos a favor dos concelleiros dos grupos municipais socialistas, popular e do concelleiro do BNG), en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras e outros elementos análogos con finalidade lucrativa, de conformidade coa redacción que se achega con esta proposición.

Segundo.- Expoñer ó público a Ordenanza de modificación inicialmente aprobada polo prazo de trinta días hábiles a efectos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Terceiro.- Que de non formularse reclamacións en tempo hábil, esta aprobación inicial será elevada a definitiva sen máis trámite, ó abeiro de canto se establece polo artigo 17.3 da citada Lei; entrando en vigor logo da súa publicación íntegra no Boletín oficial da provincia.

12.- Proposta de alcaldía relativa á aprobación do regulamento de autorización e celebración de matrimonios civís do Concello de Lán cara.

Deuse lectura á proposición que se transcribe:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA REGULADORA DO REGULAMENTO DE AUTORIZACIÓN E CELEBRACIÓN DE MATRIMONIOS CIVÍS DO CONCELLO DE LÁN CARA

Os concellos, en canto entidades locais, gozan de potestade regulamentaria, como expresión salientable da autonomía local, tal potestade, de conformidade coas previsións da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e da Lei 5/1997, de administración local de Galicia, exercerase mediante a aprobación de ordenanzas e regulamentos propios.

Ordenanzas e regulamentos que teñen como único límite o respecto ó bloque de constitucionalidade, a Lei de bases de réxime local e demais lexislación básica estatal en materia de réxime local e a lexislación autonómica de desenvolvemento. Constitúen, xa que logo, unha disposición administrativa de carácter xeral con rango inferior á Lei.

De conformidade co disposto nos artigos 25, 28 e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, e a Instrución de 10 de xaneiro de 2013, da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, establécese o presente regulamento de autorización e celebración dos matrimonios civís sendo o seu ámbito territorial todo o término municipal.

Cos títulos competencias invocados propónse ó Concello a súa aprobación, nos termos do proxecto que se une a esta proposición, adoptándose a este fin o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o regulamento de autorización e celebración dos matrimonios civís na redacción dada no proxecto unido ó presente expediente e que consta dunha exposición de motivos, 10 artigos, e unha disposición final.

Concello de Lán cara

Segundo.- Expoñer ó público a ordenanza inicialmente aprobada polo prazo de trinta días hábiles a efectos de exame e reclamacións, de conformidade con canto se establece nos artigos 49 e 70.2 da Lei reguladora das bases de réxime local.

Terceiro.- Que de non formularse reclamacións en tempo hábil, esta aprobación inicial será elevada a definitiva sen máis trámite, ao abeiro de canto se establece polo artigo 49 parágrafo segundo da citada Lei”.

O concelleiro do BNG, señor Bande Cortizo pregunta se é posible habilitar tamén os establecementos hosteleiros de Lánacara que dan servizo de banquete”.

O señor alcalde di que o consultarán e que si é legal así o farán.

Concluído o debate, o Pleno do Concello, por unanimidade de concelleiros asistentes (dez votos a favor dos concelleiros dos grupos municipais socialistas, popular e do concelleiro do BNG), en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o regulamento de autorización e celebración dos matrimonios civís na redacción dada no proxecto unido ó presente expediente e que consta dunha exposición de motivos, 10 artigos, e unha disposición final.

Segundo.- Expoñer ó público a ordenanza inicialmente aprobada polo prazo de trinta días hábiles a efectos de exame e reclamacións, de conformidade con canto se establece nos artigos 49 e 70.2 da Lei reguladora das bases de réxime local.

Terceiro.- Que de non formularse reclamacións en tempo hábil, esta aprobación inicial será elevada a definitiva sen máis trámite, ao abeiro de canto se establece polo artigo 49 parágrafo segundo da citada Lei.

E non sendo outro o obxecto deste debate levántase a sesión ás vinte horas e dez minutos, do que eu, secretaria da Corporación redacto a presente acta, dou fe.